

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 4ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación
DA SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DUN EQUIPO MULTIFUNCIÓN**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 11 de marzo de 2016 ás 14.00 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Don Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Claudio Montiel Carracedo, representante do PP.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.

Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.


Non asisten: Xan Duro Fernández


Inmaculada Viña Carregal

ORDE DO DÍA**1. CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL PRESENTADA POLO LICITADOR PROPOSTO PARA A ADXUDICACIÓN.**

Os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación presentada polo licitador proposto como adxudicatario, **NEA F3 IBÉRICA, SLU**, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.05 horas. Dou fe.



MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 3ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación
DA SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DUN EQUIPO MULTIFUNCIÓN**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 25 de febreiro de 2016 ás 14.20 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Don Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.

Dona M^a Antón Vilasánchez, representante do PP.


Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.

Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

ORDE DO DÍA**1. VALORACIÓN DA PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DEMAIS CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.**

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo sobre a documentación do sobre nº 2, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas, é o licitador NEA F3 IBÉRICA, SLU.

De conformidade cos termos do informe, e mesas anteriores, **ACÓRDASE:**


PRIMEIRO: Excluir da licitación a oferta presentada pola empresa Breogán IT Solutions, SL por non presentar debidamente asinada a súa documentación, incumprindo o requirimento que a este respecto recolle o prego de aplicación na súa cláusula 13.3.

SEGUNDO: Propoñer á empresa NEA F3 IBÉRICA, SLU, que acadou a máxima puntuación no procedemento e ofertou os seguintes importes:

Empresa	Oferta económica equipo	Prezo copia branco/negro	Prezo copia cor
NEA F3 IBÉRICA, SLU	2.995,00 €	0,00499 €	0,04200 €

Procederáse de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, aos efectos de que presenten a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciban o requirimento do director xerente.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.33 horas. Dou fe.



INFORME

ASUNTO: valoración da documentación do sobre nº 2 das ofertas presentadas ao concurso para a contratación, mediante procedemento aberto, do subministro e mantemento dun equipo multifunción para as oficinas de TUSSA.

A mesa de contratación, reunida o día 23 de febreiro de 2016 acordou excluír do proceso á empresa Breogán IT Solutions, SL, manténdose no proceso as empresas Fornecementos Galegos, SL; Nea F3 Ibérica, SLU; Ricoh España, SLU e VSM Sistemas Coruña, SA.

Segundo indica a cláusula 10 do Prego, a adxudicación do contrato realizarase tomando como base unha serie de criterios de adxudicación:

PROPOSTA ECONÓMICA, ata 65 puntos

Este apartado divídese en tres partes: oferta económica do equipo multifunción, o prezo por páxina en branco/negro e o prezo por páxina en cor.

Oferta económica do equipo multifunción, ata 28 puntos

A este respecto, o Prego establece que se lle asignará a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao orzamento para a adquisición do equipo multifunción e puntuacións proporcionais ao resto.

O importe máximo de licitación é de 4.500,00 € + IVE.

En base ao indicado, e a teor da oferta económica presentada polas empresas, a puntuación obtida polas distintas empresas é a seguinte:

Empresas	Oferta económica equipo multifunción	Baixa	Puntuación
Fornecementos Galegos, SL	4.269,48 €	230,52 €	2,57
Nea F3 Ibérica, SLU	2.995,00 €	1.505,00 €	16,79
Ricoh España, SLU	4.335,90 €	164,10 €	1,83
VSM Sistemas Coruña, SA	1.990,00 €	2.510,00 €	28,00

Prezo copia branco/negro, ata 30 puntos

A súa valoración é igual que a da oferta económica do equipo, asignándolle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao orzamento para o prezo da copia en branco e negro e puntuacións proporcionais ao resto.

O prezo de licitación por copia en branco e negro é de 0,015 €/páxina + IVE.

A teor do prezo presentado polas empresas, o resultado é o seguinte:

Empresas	Prezo copia branco/negro	Baixa	Puntuación
Fornecementos Galegos, SL	0,00580 €	0,00920 €	27,57
Nea F3 Ibérica, SLU	0,00499 €	0,01001 €	30,00
Ricoh España, SLU	0,00500 €	0,01000 €	29,97
VSM Sistemas Coruña, SA	0,00690 €	0,00810 €	24,28

Prezo copia cor, ata 7 puntos

O Prego establece que se lle asignará a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao orzamento para o prezo da copia en cor e puntuacións proporcionais ao resto.

O prezo de licitación por copia en cor é de 0,085 €/páxina + IVE.

A teor do prezo presentado polas empresas, o resultado neste apartado é o seguinte:

Empresas	Prezo copia cor	Baixa	Puntuación
Fornecementos Galegos, SL	0,08490 €	0,00010 €	0,01
Nea F3 Ibérica, SLU	0,04200 €	0,04300 €	5,34
Ricoh España, SLU	0,02860 €	0,05640 €	7,00
VSM Sistemas Coruña, SA	0,04500 €	0,04000 €	4,96

Tendo en conta as puntuacións dos tres apartados anteriores, a puntuación total da proposta económica é a seguinte:

Empresas	Oferta económica equipo multifunción	Prezo copia branco/negro	Prezo copia cor	Total
Fornecementos Galegos, SL	2,57	27,57	0,01	30,15
Nea F3 Ibérica, SLU	16,79	30,00	5,34	52,13
Ricoh España, SLU	1,83	29,97	7,00	38,80
VSM Sistemas Coruña, SA	28,00	24,28	4,96	57,24

NIVEL DE CALIDADE DE SERVIZO, ata 21 puntos

Este apartado divídese en tres subapartados:

- **Tempo de resolución de incidencias (15 puntos)**, establecendo un tempo máximo de 48 horas dentro da xornada laboral desde a súa notificación.
- **Tempo de resposta ante incidencias (3 puntos)**, establecendo un tempo máximo de resposta de 8 horas dentro da xornada laboral.
- **Tempo de entrega de consumibles (3 puntos)**, establecendo un tempo máximo de 24 horas desde o rexistro da solicitude.

En todos os casos exclúense do cómputo os festivos e inhábiles.

As ofertas presentadas polas empresas establecen os seguintes tempos:

Fornecementos Galegos, SL

- Tempo de resolución de incidencias de 8 horas.
- Tempo de resposta de 1 hora.
- Tempo de entrega de consumibles de 8 horas.

Nea F3 Ibérica, SLU

- Tempo de resolución de incidencias de 6 horas de luns a venres.
- Tempo de resposta de 4 horas.
- Tempo de entrega de consumibles de 8 horas.

Ricoh España, SLU

- **Tempo de resolución de incidencias de 8 horas**, contadas a partir da chegada do técnico ao lugar de instalación do equipo.

Isto quere dicir que desde que se avisa serían 12 horas, xa que debe terse en conta que o técnico pode tardar ata 4 horas en chegar, de acordo co establecido no tempo de resposta.

- **Tempo de resposta de 4 horas.**
- **Tempo de entrega de consumibles de 8 horas** (pedidos realizados antes das 13 horas).

VSM Sistemas Coruña, SA

- Tempo de resolución de incidencias de 24 horas.
- Tempo de resposta de 2 horas.
- Tempo de entrega de consumibles de 1 hora.

Os tres subapartados se calculan da mesma forma, asinándolle a máxima puntuación á oferta que presente a maior baixa con respecto ao parámetro de calidade de servizo e ao resto de forma proporcional. Deste xeito, os resultados son os seguintes:

Tempo de resolución de incidencias (15 horas)

Empresas	Tempo de resolución de incidencias	Baixa	Puntuación
Fornecementos Galegos, SL	8 horas	40 horas	14,29
Nea F3 Ibérica, SLU	6 horas	42 horas	15,00
Ricoh España, SLU	12 horas	36 horas	12,86
VSM Sistemas Coruña, SA	24 horas	24 horas	8,57

Tempo de resposta ante incidencias (3 puntos)

Empresas	Tempo de resposta ante incidencias	Baixa	Puntuación
Fornecementos Galegos, SL	1 hora	7 horas	3,00
Nea F3 Ibérica, SLU	4 horas	4 horas	1,71
Ricoh España, SLU	4 horas	4 horas	1,71
VSM Sistemas Coruña, SA	2 horas	6 horas	2,57

Tempo de entrega de consumibles (3 puntos)

Empresas	Tempo de entrega de consumibles	Baixa	Puntuación
Fornecementos Galegos, SL	8 horas	16 horas	2,09
Nea F3 Ibérica, SLU	8 horas	16 horas	2,09
Ricoh España, SLU	8 horas	16 horas	2,09
VSM Sistemas Coruña, SA	1 hora	23 horas	3,00

Tendo en conta as puntuacións dos apartados anteriores, a puntuación total do nivel de calidade do servizo de cada unha das empresas é a seguinte:

Empresas	Tempo de resolución de incidencias	Tempo de resposta	Tempo de entrega de consumibles	Total
Fornecementos Galegos, SL	14,29	3,00	2,09	19,38
Nea F3 Ibérica, SLU	15,00	1,71	2,09	18,80
Ricoh España, SLU	12,86	1,71	2,09	16,66
VSM Sistemas Coruña, SA	8,57	2,57	3,00	14,14

MELLORAS, ata 14 puntos

Neste apartado valóranse os seguintes subapartados:

A) Impresión e A3: 9 puntos

Outórgaselle a máxima puntuación ás ofertas que propoñan un equipo que permita copia, impresión e escaneado de documentos en A3, e cero puntos ao resto.

A puntuación é a seguinte:

Fornecementos Galegos, SL, presenta un equipo que copia, imprime e escanea en A3; **9 puntos**.

Nea F3 Ibérica, SLU, oferta un equipo que copia, imprime e escanea en A3; **9 puntos**.

Ricoh España, SLU, o seu equipo copia, imprime e escanea en A3; **9 puntos**.

VSM Sistemas Coruña, SA, o seu equipo non acepta papel A3; **0 puntos**.

B) Resolución: ata 3 puntos

Asignaráselle a máxima puntuación ás ofertas que presenten un nivel de resolución de 1 millón de puntos ou superior e cero puntos ao resto.

As ofertas presentadas e a puntuación de cada unha de elas é a seguinte:

Fornecementos Galegos, SL, o equipo ofertado presenta unha resolución de 1.440.000 puntos (1.200 x 1.200); **3 puntos**.

Nea F3 Ibérica, SLU, oferta unha resolución de 1.080.000 (1.800 x 600); **3 puntos**.

Ricoh España, SLU, o seu equipo presenta unha resolución de 360.000 (600 x 600); **0 puntos**.

VSM Sistemas Coruña, SA, o seu equipo ten unha resolución de 1.440.000 (2.400 x 600);
3 puntos.

C) Velocidade de escaneado: ata 2 puntos

Asignaráselle a puntuación máxima á oferta que presente o maior incremento na velocidade de escaneado e o resto puntuarase de maneira proporcional. A velocidade de escaneado mínimo, establecido polo prego técnico, é de 35 páxinas por minuto.

En base ao indicado, a valoración das ofertas, é a seguinte:

Empresas	Velocidade de escaneado	Mellora	Puntuación
Fornecementos Galegos, SL	80 páx por minuto	45 páx minuto	2,00
Nea F3 Ibérica, SLU	70 páx por minuto	35 páx minuto	1,56
Ricoh España, SLU	80 páx por minuto	45 páx minuto	2,00
VSM Sistemas Coruña, SA	35 páx por minuto	0 páx minuto	0,00

No apartado de melloras, a puntuación global das empresas é:

Empresas	Impresión A3	Resolución	Velocidade de escaneado	Total
Fornecementos Galegos, SL	9,00	3,00	2,00	14,00
Nea F3 Ibérica, SLU	9,00	3,00	1,56	13,56
Ricoh España, SLU	9,00	0,00	2,00	11,00
VSM Sistemas Coruña, SA	0,00	3,00	0,00	3,00

Tendo en conta o antedito, a valoración final das ofertas presentadas é:

Empresas	Proposta económica	Nivel de calidade do servizo	Melloras	Total
Fornecementos Galegos, SL	30,15	19,38	14,00	63,53
Nea F3 Ibérica, SLU	52,13	18,80	13,56	84,49
Ricoh España, SLU	38,80	16,66	11,00	66,46
VSM Sistemas Coruña, SA	57,24	14,14	3,00	74,38


A xuízo de quen informa, a empresa que presenta a proposta economicamente máis vantaxosa é **NEA F3 IBÉRICA, SLU**.

Para o caso de que a Mesa dea por ben motivado o presente informe, procederase de acordo coa cláusula 17 do prego de condicións, aos efectos de que a empresa NEA F3 IBÉRICA, SLU presente a documentación que recolle a devandita cláusula no prazo de 10 días naturais desde que reciba o requirimento do director xerente.

É canto teño a ben informar.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2016

O TÉCNICO DE APARCADOIROS E
OUTRAS ACTIVIDADES DO TRANSPORTE,



Asdo./ Antonio Padín Tuimil

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 2ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación
DA SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DUN EQUIPO MULTIFUNCIÓN**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 23 de febreiro de 2016 ás 14.20 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Don Jorge Duarte Vázquez
Vogais: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.
Dona Mª Antón Vilasánchez, representante do PP.
Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.
Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.
Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Tamén asiste representación das empresas: Fornecementos Galegos, SL, Nea F3 Ibérica, SLU e VSM Sistemas Coruña, SA.

ORDE DO DÍA**1. APERTURA DO SOBRE Nº 2: PROPOSICIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES.**

A mesa de contratación procede á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adxudicación avaliáveis mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Obsérvase que a empresa Breogan IT Solutions, SL non presenta debidamente asinada a súa documentación, incumprindo o requirimento do prego de aplicación que na súa cláusula 13.3 sinala: "*Será motivo de **exclusión** da licitación o feito de que a documentación incluída neste sobre non estea **subscrita** na súa totalidade polo licitador, ou non vaia acompañada dunha relación dos documentos que a **integran** asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados. Esta deficiencia unicamente se poderá **subsana**r coa presenza do apoderado da empresa no acto público de apertura deste sobre"*

Pois ben, dado que non se atopa presente ningún representante da empresa, a mesa **acorda excluír** da licitación á oferta presentada pola empresa **Breogán IT Solutions, SL**.


Resultado da apertura:

Empresas	Oferta económica equipo multifunción	Prezo copia branco/negro	Prezo copia cor	Nivel de calidade de servizo	Melloras
Fornecementos Galegos, SL	4.269,48 €	0,0058	0,0849	Si	Si
Nea F3 Ibérica, SLU	2.995,00 €	0,00499	0,042	Si	Si
Ricoh España, SLU	4.335,90 €	0,005	0,0286	Si	Si
VSM Sistemas Coruña, SA	1.990,00 €	0,0069	0,045	Si	Si

Finalmente acórdase o traslado da documentación dos licitadores admitidos ao técnico de TUSSA aos efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes.

Acórdase fixar a seguinte mesa para o xoves 25 de febreiro ás 13.45 horas.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 14.38 horas. Dou fe.



Handwritten signatures in blue ink, including a large signature at the top right and several others below.

MESA DE CONTRATACIÓN DA SOCIEDADE MUNICIPAL TUSSA**ACTA da 1ª XUNTANZA****Concurso público por procedemento aberto para a contratación
DA SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DUN EQUIPO MULTIFUNCIÓN**

No Salón Verde da Casa Consistorial, reúnese a Mesa de Contratación, o 15 de febreiro de 2016 ás 9.19 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Jorge Duarte Vázquez

Vogais: Dona M^a Antón Vilasánchez, representante do PP.

Don Gonzalo Muíños Sánchez, representante do PSOE.

Don Rubén Cela Díaz, representante do BNG.

Dona Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

José Ramón Mosquera Ferreiro, director xerente da Sociedade.

Secretario: Don Francisco Javier Castiñeira Izquierdo, secretario xeral do pleno.

Non asiste: Don Xan Duro Fernández, representante de CA.

ORDE DO DÍA

- 1. APERTURA DO SOBRE Nº 1 DE "DOCUMENTACIÓN XERAL" PARA A SUBMINISTRACIÓN E MANTEMENTO DUN EQUIPO MULTIFUNCIÓN PARA AS OFICINAS DE TUSSA.**

Dáse conta da presentación de CINCO empresas, todas elas en prazo:

- Breogán IT Solutions, SL
- Fornecementos Galegos, SL
- Nea F3 Ibérica, SLU
- Ricoh España, SLU
- VSM Sistemas Coruña, SA

Procédese seguidamente á apertura do sobre nº 1 de cada empresa, co seguinte resultado:

Todas as empresas presentan a declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración.

Acórdase fixar a Mesa de apertura do SOBRE nº 2 para o martes 23 de febreiro ás 14.00 horas.

Sen mais asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 9.25 horas. Dou fe.

The image shows several handwritten signatures in blue ink. There are approximately seven distinct signatures scattered across the page. Some are very stylized and difficult to decipher, while others are more legible, such as one that appears to read 'Anxela' and another that looks like 'Juan'. The signatures are written over a large, faint, light blue circular watermark in the background.